

MESTURA DE ACTIVIDADES

A continuación déixovos unha serie de actividades, estas xunto coas que se vos ocorran regalaranvos momentos para gozar do tempo en familia e deixar voar a creatividade. A volta estarei encantada de escoitar todas as historias que teñan os pequenos/as desta experiencia!

Para comezar aí van unhas ideas de **experimentos/materiais** para aproveitar a facer dentro da casa (os ingredientes necesarios para cada manualidade van marcados noutra cor). O primeiro será facer a **lista da compra** aínda que sexa para mercar na casa, conseguir os ingredientes necesarios xa pode ser unha actividade divertida se se engade unha conta atrás e un cronometro por exemplo. NOTA, o pementón tamén serve como colorante en moitos casos ou pintura dedo/témpera pero tende máis coidado para que non a leven a boca se a usades!:

- **Garavanzos de cores:** este material sensorial despois pódese usar para infinidade de cousas (contar, facer debuxos, seriacións...) para conseguir os garavanzos tendes que poñer a cantidade que desexedes nunha bolsa e engadir **colorante alimenticio en xel**, mesturar ben ata que todos teñan a cor elixida e deixar secar ata o día seguinte.



- **Pasta de sal:** esta pasta serve para moldear e deixar



secar, creando diferentes obxectos. A preparación consistirá en mesturar 2 partes de **fariña** e 1 de **sal fina** e agregar **auga** pouco a pouco amasando (se a queredes de cores engadide á auga **colorante** previamente). Unha vez que a moldeades como queredes deixáde-la secar un par de días, podedes pasar horas xogando a moldeala de diferentes modos. Se a masa é dunha soa cor podedes despois pintar as figuras con pintura de dedos.

- **Plastilina:** para facela necesítase mesturar 3 cuncas de **fariña**, 1 cunca de **sal fina**, 1 cunca de **auga** e 2- 5 culleradas de **aceite** (mellor de xirasol) en función de como vexades a masa ides engadindo, as cuncas valen de calquera tamaño. Se facedes diferentes anacos podedes poñerlles **colorante** e facela de distintas cores. Coa plasti pódense facer un montón de cousas, déixovos a continuación uns modelos de ideas <http://www.mundoderukkia.com/2017/05/50-imprimibles-plastilina.html>.

- **Selos para estampar:** para isto é necesario un **rodillo**, un **rolo de papel** de cociña e **figuras** de gomaeva/ pasta de sal/ adhesivos con releve. Primeiro débense asegurar o rolo ao rodillo con cinta para que non se mova e despois pegaranse as figuras ao rolo. Listo, a estampar!



- **Planta en ovo:** necesitaredes un **ovo baleiro**, **algodón** e **lentellas**. Tamén se pode facer nun vaso de cristal/plástico ou iogur. A actividade consiste en poñer as lentellas sobre o algodón húmido dentro do ovo e poñelo nun lugar cálido e soleado. Co paso dos días pódese ver como van crescendo. Deste xeito tamén se pode traballar o paso do tempo a pesar de que custa facerse consciente do mesmo.

Tamén é importante recordar a necesidade de coidar o noso entorno, unha vez que saiamos é necesario protexer o planeta (*podemos ver curtas ou escoitar cancións relacionadas con iso*) por iso pódense facer **actividades de reciclaxe** coma:

- **Maraca:** o material son 2 culleres, un ovo de plástico, algo para meter dentro (lentellas, arroz, sal gorda...) e cinta adhesiva decorativa ou pódese decorar.
- **Xilófono:** solo fan falla uns vasos, unha culler de madeira e outra de metal (ou do que se vos ocorra), encher os vasos con diferentes medidas de auga e facelos soar coas culleres. Para que sexa máis vistoso pódese botar colorante ou un pouco de pintura aos vasos.



Nestes días tamén podemos aproveitar para facer o cambio de armario, cando saiamos xa non necesitaremos os xerseis gordos así que aproveitando iso, é o momento de facer unha **fiesta de disfraces**, incluso se poderían poñer a roupa dos/as maiores e converter a casa por un rato nun teatro improvisado.

Por último propoñovos que movades o esqueleto en familia, a **actividade física** é moi boa en calquera momento, pero máis nestes días (pode axudarnos a durmir mellor, evitar dores polas posturas que temos ao longo do día...) así que aquí tedes unhas ideas con circuítos e actividades para realizar en familia:

⇒ [200 juegos de motricidad, niños de 2- 5 años](#) (vídeo youtube).

⇒ [Psicomotricidad en casa](#) (circuíto sinxelo pola casa).

E se vos quedades sen ideas de actividades para facer, acudide a este post [50 juegos muy económicos y divertidos para disfrutar con los pequeños de la casa](#), porque a verdade é que ten **actividades moi divertidas** e moi sinxelas de facer.

Para calquera cousa podedes contactar comigo a través do correo:

victoriafernandezrodriguez@gmail.com

Que teñades boa pascua,

UN ACHUCHÓN GRANDE PARA OS E AS PITUFOS/AS!



Bibliografía dos recursos e imaxes:

<https://milucalocura.es/2018/09/04/slime-fluorescente-y-garbanzos-de-colores/>

<https://www.materialeseducativosmaestras.com/2018/02/materiales-caseros-aula.html>

<https://www.pequeocio.com/>

<http://www.clubpequeslectores.com/>